

## COMENZO DE “PEDRA BOLEIRA”

“**Pedra Boleira**”, a liga de bolos tradicionais que organiza o Departamento de Deportes do Concello de Boiro botará a andar a vindeira fin de semana por segundo ano en Pomardorrío (Cures).

Esta é a segunda edición deste torneo, disputada por primeira vez no ano 2008; ao ano seguinte, no 2009, a piques de començar a liga, un dos grandes promotores deste xogo em Boiro e colaborador do Departamento de Deportes, Antonio García Hermo, falecía repentinamente, candelando a celebración de dito torneo e recuperado este ano para seguir coa tradición, satisfacer a demanda popular e tamén para facer un homenaxe a Antonio García, que dará o seu nome a este torneo que se celebrará cada ano en Boiro e esperamos que por moito tempo.

Non hai que esquecerse da importancia de organizar unha liga destas características, na que tendo como destinatario un deporte tradicional, tivo un grandísimo arraigo en Boiro e que, hoxe en día, aínda se segue xogando ao máis estilo tradicional, sendo dos poucos lugares da comunidade galega (único da provincia da Coruña) que segue activo.

Un total de 20 parellas (40 persoas) participan nesta II edición de “Pedra Boleira”, que començará o domingo 16 de maio e que se prolongará ata o domingo 27 de xuño.

Cada fin de semana xóganse dous partidos, un o sábado e outro o domingo, a partires das 16:00 h., no campo de bolos de Pomardorrío (Cures).

Será a parella campiona a que gañe máis partidos, recurrido ao enfrontamento directo ou suma de puntos das partidas em caso de empate final. Os enfrontamentos serán ao mellor de tres partidas e a 200 puntos.

Ao final, según a puntuación acadada polos participantes, obteranse os seguintes premios:

### **PREMIOS:**

**1º clasificado: 300 Euros + trofeo**

**5º clasificado: 50 Euros + trofeo**

**2º clasificado: 200 Euros + trofeo**

**6º clasificado: 50 Euros + trofeo**

**3º clasificado: 150 Euros + trofeo**

**7º clasificado: trofeo**

**4º clasificado: 100 Euros + trofeo**

**9º clasificado: trofeo**

Dende o Departamento de Deportes convidamos aos interesados nos xogos populares e tradicionais a comarca e ao público em xeral a presenciar este torneo, que seguro non deixará indiferente a nadie polo seu xeito orixinal de xogar.